

# 11E na UVigo

## *Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia 2024*



Ilustración: Marta Riera. Diseño: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Organiza:

Universidade de Vigo

Coa colaboración de:




GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES





## Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia 2024



## Universidade de Vigo

«As mulleres estamos a mudar o mundo. Consequimos mudar as formas de mirar e de investigar. Agora vemos e vémonos.»

Docentes e investigadoras, xunto coa Unidade de Cultura Científica e da Innovación e a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, conmemoran con diversas actividades o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia.

O obxectivo é darlle visibilidade ao traballo das mulleres nestes eidos, crear referentes femininos no campo da ciencia e da enxeñaría, e promover prácticas que favorezan a igualdade de xénero.

### Charlas da iniciativa 11 de febreiro

Ao longo da primeira quincena do mes de febreiro, ao redor de sesenta investigadoras da Universidade de Vigo ofreceránlles a centros educativos de toda Galicia máis de medio cento de charlas e obradoiros presenciais e virtuais sobre o seu traballo e sobre o papel da muller na ciencia e na tecnoloxía. Estas enmárcanse na iniciativa 11 de febreiro, que se organiza no ámbito nacional con motivo desta efeméride, e contan co apoio da Unidade de Cultura Científica e da Innovación na súa xestión.

### Charla interxeracional

Na tarde do venres 2 de febreiro terá lugar en Vigo unha charla interxeracional na que catro investigadoras da Universidade de Vigo compartirán as súas experiencias como mulleres na ciencia. Este evento comezará ás 18.00 h no segundo andar do edificio Redeiras, sede institucional da Universidade de Vigo no Berbés, e será de acceso libre ata completar a capacidade. Tamén poderá seguirse en directo a través deste [enlace](#).

### Entrega dos premios Marie Tharp do CIM-UVigo

Co gallo de conmemorar o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, o Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (CIM) entregará os premios da segunda edición do concurso Marie Tharp, dirixido a mulleres investigadoras predoutorais e posdoutorais do centro que quixesen contar o seu traballo nunha peza audiovisual dun minuto de duración. O acto terá lugar no novo salón de graos da Facultade de Ciencias do Mar e proxectaranse os vídeos das investigadoras.

### Charla para mulleres do proxecto «Non hai fronteiras»

Verónica Salgueiriño, líder do Grupo de Nanomateriais Híbridos do CINBIO, visita as mulleres do proxecto «Non hai fronteiras», promovido polo Plan Comunitario de Teis, para falarlles do seu traballo como investigadora no ámbito dos nanomateriais magnéticos para aplicacións biorrelacionadas. Antes do encontro, as mulleres do Plan Comunitario de Teis terán a oportunidade de coñecer a súa historia a través do libro ilustrado *Quero ser investigadora 3* da UCC+i da Universidade de Vigo. Luns 5 de febreiro, ás 17.00 h.

### Cámara aberta CINTECX ás mulleres STEM

CINTECX invita investigadoras e estudantes do ámbito STEM a contar a súa experiencia nunha «cámara aberta». Un espazo no que poderán falar e contar á cámara as súas vivencias, tanto da etapa escolar coma das experiencias da súa carreira científico-tecnolóxica. O contido achegado polas participantes difundirase en formato vídeo co obxectivo de que poidan contribuír a fomentar as vocacións científicas femininas entre as estudantes de secundaria e bacharelato.

Do 14 ao 16 de febreiro, de 9.00 a 15.00 h, no CINTECX.

### Terceira edición dos premios GirlGeekPower

A Unidade de Igualdade, a través dunha das iniciativas no marco da Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVigo, distingue alumnas destacadas do ámbito das CTEM dos campus de Pontevedra e Vigo, co obxectivo de apoiar e de impulsar este tipo de estudos entre as mulleres.

Estes premios, que teñen recoñecemento académico e dotación económica, entregaranse na sede da deputación en Vigo. Outorgaranse catro recoñecementos: un primeiro premio e un accésit por cada unha das dúas categorías (Ciencias e Ciencias da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura).

### Conectando en igualdade: a transformación do futuro tecnolóxico

Actividade organizada polo Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación, atlantTTic, e financiada pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo. A segunda xornada do ciclo «Conectando en igualdade» centrarase na intelixencia artificial (IA) e contará coa participación de varias mulleres expertas en IA que tratarán cuestións relacionadas coa igualdade neste ámbito.

A sesión será presencial o xoves 22 de febreiro, de 11.00 a 13.30 h, na sala 1 do edificio Miralles do campus, e poderá seguirse tamén en directo a través de UVigo-TV. Para consultar máis información sobre a xornada e realizar a túa inscrición visita a páxina web [atlanttic.uvigo](#).

### Elas Fan CienTec

A oitava edición deste programa de obradoiros para rapazas de secundaria realizarase o 8 de febreiro, con catro centros educativos da provincia de Pontevedra. Este proxecto está organizado por docentes e investigadoras da Universidade de Vigo, xunto coa Unidade de Cultura Científica e da Innovación e a Unidade de Igualdade.

#### Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO)

- ORCHID
- NanoBioMateriales Funcionais
- TeamNanoTech/Materiais Magnéticos
- Física e Química de Materiais
- Nanomateriais Biomiméticos
- Enfermidades Raras/Xenética de Poboacións e Citoxenética
- Citometría
- Neurocircuits

#### Escola de Enxeñaría Industrial

- Obradoiro de termografía infravermella
- Obradoiro de deseño e prototipado

#### Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

- Concurso grupal «The Wall»
- Xincana «The She-Cience Games: Catching Fire»
- Recoñecemento de minerais

#### Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

- Detectives de imaxes
- Programación dun xogo con Scratch
- Introducción á programación web e o seu funcionamento

#### CACTI

- Viaxando ao que o teu ollo non ve
- Separación e identificación de microplásticos en area de praia
- Determinación de estruturas químicas
- Electroforese de biomoléculas
- CSI Las Vegas? Non!! CSI Superficies. Cazamos o falsificador!
- Non a todos lles gusta a auga!
- Os electróns necesitan o camiño libre... Cheo ou baleiro?
- Imaxinas como é?
- Na vida real os obxectos non son o que parecen

### eXXperimenta en Feminino

Este proxecto está destinado ao alumnado da provincia de Ourense e público en xeral. Os obradoiros terán lugar o 16 de febreiro de 10.00 a 18.00 h no edificio Politécnico e arredores (Ourense).

- Vendo o invisible
- Quimirizando: química e valorización
- Á cor na ciencia
- Resolver o quebracabezas do clima
- Descubrindo a sustentabilidade na agricultura e na apicultura
- Como voa un avión?
- Ti podes programar!
- Saúde e ciencia
- Saca partido do residuo
- Probando texturas
- Enzimas: as proteínas bulebulé
- Viaxe da alquimia á química forense
- *Escape room*. Atrapados nunha (bio)refinaría
- Lendo etiquetas para coidar da miña saúde

### VIII Concurso de creación artística

No campus de Ourense tamén terá lugar o VIII Concurso de creación artística do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. [Máis información](#).